

Estudio.

As **obras de teatro** escríbense para seren representadas por actores e actrices diante dun público.

As **anotacións**, son instrucións que dá o autor sobre o decorado, como deben falar ou xesticular os personaxes.

Actividades.

1º.Lee en voz alta o texto que vai a continuación.Dramatiza.

2º.Fíxate ben nas ANOTACIÓNS. Aparecen de color vermello.

3º.Volve a ler o texto pero desta vez non podes ler as anotacións.

4º.Contesta as seguintes cuestións:

a) Cantos actores e actrices deberían actuar nesta peza?

b) Como será o decorado?

c) Que dirá o pai cando marcha o monstro?.

d) Describe o monstro.

e) Debuxa a Xiana e dime como pensas ti que é.Debes empregar alomenos sete frases.

Paula Carballeira. Boas noites, Edicións Xerais (adaptación).

Xiana está durmida. Respírase a calma e a tranquilidade. De súpeto, entra o Pai, acende as luces, abre as persianas, non para de falar.

Pai: Arriba! Xa son horas.

De repente ábrese o armario e sae o monstro.

MoNStro: Psss, pssss, señor! Señooooor!

Pai: Ahhhhhhhh!

MoNStro: Shhhhhhh, que vai espertar a pequena!

Pai: Un ma... ma... marrrciano.

MoNStro: Non señor, un marciano non, un monstro. Feo pero hon-rado. E permítame que lle diga un par de cousas. Sente aí.

O pai obedece, aterrorizado.

MoNStro: Primeira cousa: deixe descansar a Xiana, que bastante ten, a pobre, con tanto traballo.

O pai asente.

MoNStro: Moi ben. Segunda cousa: a pobre da rapaza non ten tem-po para xogar, tanto ir dun lado para outro, e xogar é necesario. É o mellor para o corazón e o cerebro. Vostede hai moito que non xoga?

O pai non se atreve a contestar.

MoNStro: Señor!Falo con vostede. Canto hai que non xoga?

Pai: E... e... eu... po... po... pois...

MoNStro: Debe ser hai moito tempo porque non dá falado. Pois xogue, señor, xogue, xa verá que ben o pasa. Lembra cando xogaba?

O pai asente outra vez.

MoNStro: Pois podería facer un esforzo e xogar coa pequena. Que lle custa? Aínda o vai pasar ben, e a cativa desafoga, queda relaxada, e botan uns risos. Non lle parece un bo plan?

O pai non fai máis que asentir.

MoNStro: Non mo di por compromiso?

O pai segue asentindo. Decátase do erro e nega coa cabeza.

MoNStro: Dáme a súa palabra?

O pai asente con enerxía.

MoNStro: Moi ben. Daquela marchos.

O monstro dá media volta e o pai salaia, aliviado.